

Asunto: CONVOCATORIA DAS ELECCIÓNS AO DECANATO DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento electoral aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 28 de setembro de 2016, como decano da Facultade de Economía e Empresa, resolvo convocar as eleccións ao Decanato desta Facultade segundo as bases que se achegan con este escrito.

A Coruña, 7 de marzo de 2019

O decano

Anxo Ramón Calvo Silvosa

Código Seguro De Verificación	rF8AmmblB1vjijT/dwIa0A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Economía e Empresa Anxo Ramón Calvo Silvosa	Asinado	07/03/2019 07:57:25
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rF8AmmblB1vjijT/dwIa0A==		



BASES DA ELECCIÓN DE DECANO/A DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA

A) PROCEDEMENTO

I) COLEXIO ELECTORAL

A Xunta de Centro constituirá o colexio electoral para as eleccións a Decano/a da Facultade.

II) ELIXIBLES

Son elixibles no colexio electoral os electores respectivos que reúnan os seguintes requisitos:

Nas eleccións a decano/a de centro son elixibles os membros da xunta profesores/as con vinculación permanente á Universidade adscritos ao respectivo centro que foren proclamados candidatos de forma definitiva. De acordo co artigo 16.4 do Regulamento electoral xeral, se o número de candidaturas definitivas proclamadas fose só unha, a candidatura definitiva será proclamada electa sen necesidade de proceder á votación.

III) ELECTORES

Nas eleccións a decano/a de centro son persoas electoras todos os membros da xunta de centro correspondente (art. 38 do Regulamento electoral xeral).

IV) PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As candidaturas, dirixidas ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse no Rexistro do centro correspondente, no Rexistro Xeral da UDC ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro) do día do 8 de marzo (venres) ao 13 de marzo de 2019 (mércores) até as 14:00 h. de acordo co que dispón esta resolución e o Regulamento electoral xeral.

- a) escrito, asinado polo candidato, conterá os seguintes extremos:
- b) Nome e apelidos
- c) Número do documento oficial de identificación
- d) Centro e departamento a que está adscrito
- e) Sinatura

A proclamación provisional de candidatos será feita polo Centro. As reclamacións e recursos contra esta proclamación provisional, dirixidos ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse nos rexistros citados do día 15 de marzo (venres) ao 18 de marzo de 2019 (luns), até as 14 horas, e serán resoltos pola Comisión Electoral Central. A proclamación definitiva de candidatos, de non existir reclamacións ou recursos ou unha vez resoltos, será feita polo Centro tras recibir a comunicación da resolución pola Comisión Electoral Central.

Código Seguro De Verificación	rF8AmmblB1vjijT/dwIa0A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Economía e Empresa Anxo Ramón Calvo Silvosa	Asinado	07/03/2019 07:57:25
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rF8AmmblB1vjijT/dwIa0A==		



V) MODO DE TER LUGAR A XUNTA PARA A ELECCIÓN DE DECANO/A OU DIRECTOR/A

- a) A Xunta de Centro reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria. Será presidida polo Decano/a ou Director/a en funcións, salvo que se presentar como candidato/a, en cuxo caso será substituído/a polo membro de máis idade presente na Xunta. O/a presidente/a concederá un espazo de 15 minutos a cada candidato/a para estes exporen perante a Xunta o seu programa, e a continuación outros 15 minutos para responderen ás preguntas que lles formularen os membros da Xunta. Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.
- b) Nesta sesión actuará como secretario/a a persoa que o for do Centro, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar o/a presidente/a.
- c) As papeletas, que serán elaboradas polo Centro, conterán a relación de candidatos proclamados definitivamente, colocados por orde alfabética, e unha casilla ao lado para marcar o voto a favor do candidato e respectando o establecido no artigo 20 (modo de exercicio do dereito ao voto) do Regulamento electoral xeral.

VI) PROCLAMACIÓN DE ELECTO

- a) Será proclamada decano/a aquela persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da Xunta.
- b) No caso de non haber ningún/ha candidato/a que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da Xunta, en que resultará elixido/a o/a candidato/a que obtiver un maior número de votos.

Código Seguro De Verificación	rF8AmmblB1vjijT/dwIa0A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Economía e Empresa Anxo Ramón Calvo Silvosa	Asinado	07/03/2019 07:57:25
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rF8AmmblB1vjijT/dwIa0A==		



B) CALENDARIO ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS DE DECANA/O DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA

- 1.- Convocatoria de eleccións: 7 de marzo de 2019 (xoves).
- 2.- Presentación de candidaturas: do 8 de marzo (venres) ao 13 de marzo de 2019 (mércores), até as 14:00 h.
- 3.- Proclamación provisoria de candidaturas: 14 de marzo de 2019 (xoves).
- 4.- Prazos de presentación e de resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisional de candidaturas:

Prazos de presentación: 15 de marzo (venres) ao 18 de marzo de 2019 (luns), até as 14:00 h.

Prazos de resolución: do 19 de marzo (martes) ao 20 de marzo de 2019 (mércores).
- 5.- Proclamación definitiva de candidaturas: 21 de marzo de 2019 (xoves).
- 6.- Campaña electoral: do 22 de marzo (venres) ao 27 de marzo de 2019 (mércores).
- 7.- Data das eleccións en xunta extraordinaria de facultade: 28 de marzo de 2019 (xoves).
- 8.- Proclamación provisional de candidatura electa: 28 de marzo de 2019 (xoves).
- 9.- Prazo de presentación, de resolución de recursos e solicitudes de rectificación á proclamación provisional do candidatura electa:

Prazos de presentación: do 29 de marzo de 2019 (venres) ao 1 de abril de 2019 (luns), até as 14:00 h.

Prazos de resolución: do 2 de abril de 2019 (martes) ao 3 de abril de 2019 (mércores) de 2017.
- 10.-Data de proclamación definitiva da candidatura electa: 4 de abril de 2019 (xoves).

Código Seguro De Verificación	rF8AmmblB1vjijT/dwIa0A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Economía e Empresa Anxo Ramón Calvo Silvosa	Asinado	07/03/2019 07:57:25
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rF8AmmblB1vjijT/dwIa0A==		

